

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 5 DE MAIO DE 2026

PRESIDENTA:

D^a Diana Piñeiro Fernández

ASISTENTES:

D. Rubén Vázquez Pérez
D^a Patricia Esther Espiñeira Galán
D. Raúl Varela Fraguio
D. Manuel Castro Uzal

NON ASISTE:

D. Omar Gonzalo Lamela Vázquez

INTERVENTORA ACCIDENTAL:

D^a Sonia Machín Herranz

SECRETARIA XERAL:

D^a. Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as dez horas do día cinco de maio do ano dous mil vinte e seis, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia da Sra. alcaldesa, D^a. Diana Piñeiro Fernández, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D. Rubén Vázquez Pérez, D^a Patricia Esther Espiñeira Galán, D. Raúl Varela Fraguio e D. Manuel Castro Uzal.

Non asiste á sesión o concelleiro D. Omar Gonzalo Lamela Vázquez.

Asiste á sesión a interventora accidental, D^a Sonia Machín Herranz e actúa como secretaria a secretaria xeral do Concello, D^a Pilar María Pastor Novo, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.c) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 28 DE ABRIL DE 2026

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 28 de abril de 2026, da que se entregou copia coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 28 de abril de 2026.

2.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA

Non se dá conta de ningún/ningunha

3.- PROPOSTAS

ÚNICA. PROPOSTA DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE RELATIVO Á CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE “CONTROL DE CALIDADE NAS OBRAS PROMOVIDAS POLO CONCELLO DE CAMBRE”, POR TRAMITACIÓN ORDINARIA E MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO, CUN ÚNICO CRITERIO DE ADXUDICACIÓN, FACTOR PREZO. EXPEDIENTE NÚMERO TEDEC CO NÚM. 2024/C004/000015

A Presidencia somete a debate e consideración da Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 30 de abril de 2026 (CVD: MD6zblzeThRRVS/plufb), que transcrita di:

“PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DA ÁREA DE ECONOMÍA, FACENDA, CONTRATACIÓN, RÉXIME INTERIOR E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto o expediente de contratación do servizo de control de calidad das obras promovidas polo Concello de Cambre (Expediente TEdC 2024/C004/000015).

Visto que consta no expediente o documento de retención de crédito por importe de 64.237,31 euros con cargo á aplicación orzamentaria 151 22706 referencia 22026000999, nº operación (220260001028) asinado pola interventora accidental, dona Sonia Machín Herranz, con data de 29 de abril de 2026, no que consta dilixencia de Intervención que di: *“La contabilización del RC no supone la conformidad de esta intervención con el cálculo del precio.”*

Visto o prego de prescricións técnicas asinado polo quen foi enxeñeiro técnico de obras públicas interino, don Alberto Serrano Souto, o día 14/02/2025 (CVD: 1zOOiTPoPf1zK3I+vOo+).

Vista a memoria xustificativa da necesidade, idoneidade e insuficiencia de medios asinado polo quen foi enxeñeiro técnico de obras públicas interino, don Alberto Serrano Souto, o día 14.02.2025 (CVD: PswxCU72IOIPqEuqGk/l).

Visto o informe técnico relativo aos criterios de valoración, solvencia, penalidades administrativas e condicións especiais de execución asinado polo quen foi enxeñeiro técnico de obras públicas interino, don Alberto Serrano Souto, con data de 14.02.2025 (CVD: j7qiWeqNafJ0tMiAHHa8).

Visto o prego de cláusulas administrativas particulares de data 17.02.2025 que consta no expediente (CVD: ewTMS4K/ARmVlapDXjVu).

Vista a providencia de Alcaldía asinada pola quen foi alcaldesa, dona María Pan Lesta, en data 17.02.2025 (CVD: DCWhdwho0UNQwl68KfOf).

Visto o informe desfavorable de Secretaría, emitido pola secretaria xeral en data 14.03.2025 (CVD: 34cvqkWZuTYKiy2fs7Qp), que, entre outras cousas, di:

“INFORME DE SECRETARÍA (....)

(.../...)

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeira.- Normativa aplicable

Para a emisión deste informe cómpre ter en conta a seguinte normativa:

-Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).

-Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

-Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2017/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).

-Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).

-Real decreto 817/2009, de data 8 de maio, polo que desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro de 2007.

Segunda.- Natureza e obxecto do contrato.

A cláusula 3 do prego de cláusulas administrativas particulares(PCAP) con CVD define o obxecto desta contratación como “regular las condiciones que han de regir la contratación de los servicios necesarios para el desarrollo de las labores de control de calidad en fase de ejecución de las obras promovidas por el Ayuntamiento de Cambre (ensayos de campo, de laboratorio, inspección de obra e informes técnicos parciais e finais), durante un período de 2 anos, con posibilidade de una prórroga de 1 año.”, polo que o contrato pódese cualificar de administrativo de servizos (artigos 15 a 25 da LCSP).

De conformidade co artigo 25.2 da LCSP: “2. Los contratos administrativos se regirán, en cuanto a su preparación, adjudicación, efectos, modificación y extinción, por esta Ley y sus disposiciones de desarrollo; supletoriamente se aplicarán las restantes normas de derecho administrativo y, en su defecto, las normas de derecho privado. No obstante, a los contratos administrativos especiales, a que se refiere la letra b) del apartado anterior, les serán de aplicación, en primer término, sus normas específicas”.

Polo que respecta á necesidade da contratación reitérase o sinalado nos informes emitidos con anterioridade:

A LCSP considera a externalización dos servizos como unha excepción na actuación administrativa. Así, no seu artigo 30.3 dispón que “la prestación de servicios se realizará normalmente por la propia Administración por sus propios medios”.

Como consecuencia disto, establece no seu artigo 116 que o órgano de contratación, ao iniciar a tramitación do expediente, deberá motivar a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 do dito texto legal. Corolario de dita necesidade é o feito de que o órgano de contratación careza de medios propios para executar a prestación, o que debe argumentarse a través dun informe exhaustivo.

A importancia deste informe nos contratos de servizos ven resaltada polo feito de que o lexislador o establece nun epígrafe propio dentro do citado artigo 116, concretamente no apartado 4 epígrafe f) como requisito específico deste tipo de contratos.

O informe de insuficiencia de medios ofrece, pois, información clave relativa á xestión dos recursos humanos e medios materiais que fai o órgano competente, polo que resulta de especial interés á hora de fiscalizar o debido uso dos recursos públicos, de ahí a transcendencia outorgada á súa publicación no artigo 65.3 a) da LCSP, precepto que refírese especificamente ao dito informe de insuficiencia de medios como un dos documentos esenciais a publicar no perfil do contratante do poder adxudicador.

En canto á xustificación da insuficiencia de medios no suposto que se examina , a motivación contida na memoria xustificativa do contrato asinada polo enxeñeiro técnico de obras públicas interino de data 27 de decembro de 2024 - ademais de que non se fai polo xefe do departamento- non xustifica suficientemente e con detalle a necesidade da contratación , xa que non valora a posibilidade de prestar o servizo co persoal propio debidamente formado (coas oportunas modificacións, no caso de resultar necesarias, da relación de postos de traballo) e tampouco fai referencia á conveniencia/ inconveniencia da non ampliación dos medios existentes, polo que, ao tratarse ademais dunha contratación non puntual, senón para o control de calidade das obras do Concello durante dous anos prorrogables por outro máis, debe ser o xefe do departamento quen realice un informe no que se analice a carga de traballo dos postos con aportación de datos, estatísticas , e valore a posibilidade de prestar o servizo con personal propio, no lugar de acudir á externalización do servizo.

E no dito informe do xefe do departamento, á hora de valorar a carga de traballo dos técnicos debe terse en conta que constan na plataforma de tramitación de expedientes TEdC as seguintes contratacións en vigor:

- 2021/C004/000004.- Servizo de asistencia técnica para redacción de proxectos e direccións de obra da área de urbanismo e obras.
- 2022/C004/000015.- Servizo de asistencia técnica para a redacción do proxecto básico e de execución e dirección da obra de reposición do céspede sintético do campo de fútbol municipal de Lendoiro e mellora da iluminación nos campos de Lendoiro e Dani Mallo, así como para o levantamento topográfico.e análise da actual base do campo de fútbol.
- 2024/C002/000067.- Contrato menor do servizo de control de calidade para prestar asistencia técnica na dita materia e realizar os ensaios correspondentes da obra recollida no proxecto denominado “Reforma do bombeo de augas residuais de Ponte Cela-Cambre” e os traballos recollidos no contrato menor denominado “Traballos de reparación das incidencias técnicas graves atopadas nos distintos bombeos de augas residuais do Concello de Cambre.
- 2024/C002/000065.- Contrato menor do servizo de coordinación de seguridade e saúde para prestar asistencia técnica en dita materia, á obra recollida no proxecto denominado “Reforma do bombeo de augas residuais de Ponte Cela-Cambre” e os traballos recollidos no contrato menor denominado “Traballos de reparación das incidencias técnicas graves atopadas nos distintos bombeos de augas residuais do Concello de Cambre” E constan tamén na dita plataforma TEdC os seguintes expedientes de contratación:

En trámite:

- , 2024/C004/000014.- Contratacion do servizo de coordinacion de seguridade e saude nas obras promovidas polo Concello de Cambre,
- 2024/C004/000005.- Expediente de contratación do servizo de limpeza dos edificios, instalacións e centros escolares municipais do Concello de Cambre, dividido en lotes, sendo o Lote 4: Control de calidade

Pendientes de tramitación:

- 2022/C004/000053.- Asistencia técnica para a elaboración de estudos, memorias, anteprojectos e/ou proxectos, e taquimétricos das posibles actuacións/obras que o Concello de Cambre pretende acometer nos próximos anos, tamén aqueles respecto ao Ciclo da Agua.
- 2022/C004/000054.- Asistencia técnica para a redacción de auditorías das redes municipais de abastecemento e saneamento.

Por outra banda, cómpre ter en conta que conforme dispon o artigo 145 do RXLCAP:

” Sin perjuicio de los ensayos y análisis previstos en el pliego de prescripciones técnicas, en los que se estará al contenido del mismo, el director de la obra puede ordenar que se realicen los ensayos y análisis de materiales y unidades de obra y que se recaben los informes específicos que en cada caso resulten pertinentes, siendo de cuenta de la Administración o del contratista, según determine el pliego de cláusulas administrativas particulares, los gastos que se origine”.

Polo tanto, para xustificar a necesidade da prestación haberá de estar a cada obra en concreto , e,, caso de

resultar necesario, determinar tamén se serán de conta do Concello ou do contratista os gastos aos que se refire o precepto regulamentario citado . Isto é, independentemente do contrato de servizos en función das necesidades que se celebre, en cada obra debe xustificarse a necesidade e alcance da prestación

Terceira.- Importe e duración do contrato.

Respecto do prazo de duración do contrato , a cláusula 9 do PCAP fixa o prazo de duración de 2 anos, indicando a posibilidade dunha prórroga ata un máximo de un (1) ano.

Polo que respecta ao presuposto, a cláusula 5.2. do PCAP indica que: "...POR LO TANTO, EL PRESUPUESTO BASE DE LICITACIÓN SERÁ IGUAL A 106.177,38 SIN IVA, Y 128.474,62 CON IVA, SEGÚN SE DESGLOSA A CONTINUACIÓN:(.../....)"

Sobre o prazo de duración e presuposto do contrato cómpre facer as seguintes consideracións:

A Disposición adicional 33 da LCSP, regula os contratos de subministracións e servizos en función das necesidades no senso seguinte:

" En los contratos de suministros y de servicios que tramiten las administraciones públicas y otras entidades del sector público con presupuesto limitador, en los cuales el empresario se obligue a entregar una pluralidad de bienes o a ejecutar el servicio de manera sucesiva y por precio unitario, sin que el número total de entregas o prestaciones incluidas en el objeto del contrato se defina con exactitud en el momento de firmarlo, por el hecho de estar subordinados a las necesidades de la Administración, se tiene que aprobar un presupuesto máximo.

En caso de que, dentro de la vigencia del contrato, las necesidades reales sean superiores a las queridas inicialmente, se tiene que tramitar la modificación correspondiente. A estos efectos, se tiene que prever en la documentación que rija la licitación la posibilidad de que se pueda modificar el contrato como consecuencia de esta circunstancia, en los términos que establece el artículo 204 de esta Ley. La modificación se tiene que tramitar antes de que se agote el presupuesto máximo aprobado inicialmente, y con esta finalidad se tiene que reservar el crédito necesario para cubrir el importe máximo de las nuevas necesidades."

En relación cos contratos de subministracións e servizos en función das necesidades, a Xunta Consultiva de Contratación do Estado, no Informe 23/22, de 29 de xullo considerou que:

"(.../....) Se trata de contratos en los que el objeto se define por determinados bienes a entregar o por determinados servicios a ejecutar de forma sucesiva y por precio unitario, según las necesidades de la Administración, hasta el límite de una determinada cuantía que deberá aprobarse como presupuesto máximo, agotado el cual se extingue el contrato salvo que se haya acordado la modificación del mismo para atender necesidades superiores a las inicialmente previstas. (...)

De acuerdo con ello, para que pueda acordarse esta modificación debe cumplir con los siguientes requisitos:

-Debe responder en un supuesto concreto cual es que, dentro de la vigencia del contrato, las necesidades reales fuesen superiores a las estimadas inicialmente.

-Habrá de articularse una modificación prevista como consecuencia de tal circunstancia en los términos previstos en el artículo 204 de la LCSP, teniendo como límite hasta un máximo del veinte por ciento del precio inicial del contrato.

- La modificación deberá tramitarse antes de que se agote el presupuesto máximo inicialmente aprobado, momento en que quedará cumplido y extinguido el contrato, reservándose en tal fin el crédito necesario para cubrir el importe máximo de las nuevas necesidades.

[...]

CONCLUSIONES

1. En un contrato de los previstos en la Disposición Adicional trigésima tercera de la LCSP, en lo caso de preverse en el mismo la modificación del presupuesto para cubrir el supuesto de que las necesidades reales fuesen superiores a las estimadas inicialmente, su cuantificación sólo debe tenerse en cuenta inicialmente para fijar el valor estimado del contrato, pero no en el presupuesto ni en el precio inicial del mismo."

Esta tipoloxía de contratos, refírese, pois, a contratos de servizos ou subministracións de tracto sucesivo que se concertan por prezo unitario, pero sen que o número total de entregas ou prestacións se poidan concretar con exactitude ao tempo de celebrar o contrato, polo que requiren que se aprobe un presuposto máximo limitativo.

En definitiva, a través dun procedemento para a adxudicación dun contrato de servizos por prezos unitarios en función das necesidades trátase de fixar unhas unidades de execución e uns prezos unitarios, aos que se aplica a baixa de adxudicación, así como aprobar un importe máximo de adxudicación, con previsión de incremento no caso de que as necesidades reais de acutación superen as previstas. Polo tanto, o sistema de determinación do presuposto e da oferta debe ser o de prezos unitarios por unidade de execución,

Tendo en conta a regulación desta tipoloxía de contratos exposta, infórmase que examinado o PCAP advírtese que non fixa un presuposto máximo limitativo xa que, se ben se indica na cláusula 5.1. que “el Ayuntamiento, en función de sus necesidades y dentro del período de vigencia del contrato, podrá encomendar al adjudicatario de este contrato los servicios de control de calidad de las obras promovidas por el Ayuntamiento hasta el presupuesto máximo aprobado”, nesta mesma cláusula tamén se indica que o prezo do contrato non poderá superar o crédito dispoñible existente no presuposto do Concello para tal finalidade, ou, no seu caso, o importe que se aprobe nos correspondentes expedientes de modificación de créditos. Por outra banda, tampouco se fixa prezo unitario. A oferta do licitador se fixa nunha porcentaxe de baixa sobre o presuposto base de licitación, o que non resulta posible, xa que como sinala o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade de Madrid na Resolución de 2 de marzo de 2023:

“..... en estos supuestos, el tipo de licitación viene determinado por el precio unitario, sin que sea posible licitar por encima del mismo, no siendo admisible considerar como tipo de licitación el presupuesto total del lote.”

Ao non fixarse un presuposto máximo limitativo, tampouco se axusta á normativa vixente o prazo de duración e prórrogas previsto no PCAP, por canto, neste tipo de contratos, a súa duración debe vir determinada polo presuposto máximo fixado, agotado o cal (e no seu caso, a modificación) se extingue o contrato.

Cuarta.- Procedemento e forma de adxudicación. O PCAP prevé na cláusula 11 como procedemento de adxudicación o procedemento aberto

Quinta.- Órgano de contratación.

De acordo co que dispón a disposición adicional segunda da LCSP a competencia está atribuída ao Alcalde cando o seu importe non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do presuposto nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referida aos recursos ordinarios do presuposto de primeiro establecemento nin a contía sinalada, se ben por resolución da Alcaldía 584/2024, de 7 de maio de 2024 delegáronse na Xunta de Goberno Local as atribucións como órgano de contratación respecto dos contratos e concesións que especifica, indicando que quedan reservadas á Alcaldía en materia de contratación a competencia para autorizar e dispoñer os gastos correspondentes aos contratos menores de contía inferior a 6.000 euros, IVE excluído, extremo este que debe ser examinado pola Intervención municipal.

De superarse os límites sinalados, o órgano competente para contratar será o Pleno da Corporación.

Sexta.- Prego de cláusulas administrativas particulares.

Como se indicou nos antecedentes, consta no expediente un prego de cláusulas administrativas particulares incorporado o 17/02/2025 que é distinto nalgúns extremos aos informados por esta Secretaria en datas 21/11/2024 e 2/02/2025.

Examinado o historial do expediente na plataforma de tramitación electrónica TEdC, e como se indicou no informe de data 2 de febreiro de 2025, figura que foi iniciado en data 29/10/2024 o trámite do PCAP polo usuario

“joseluis.gonzalez”, e que a sra. alcaldesa (“maria.pan”) iniciou en data 20 de xaneiro de 2025 os trámites de cláusulas administrativas e Providencia da Alcaldía.

Sobre este particular cómpre informar que de conformidade co disposto no artigo 20 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas “1. los titulares de las unidades administrativas y el personal al servicio de las Administraciones Públicas que tuviesen a su cargo la resolución o el despacho de los asuntos, serán responsables directos de su tramitación y adoptarán las medidas oportunas para remover los obstáculos que impidan, dificulten o retrasen el ejercicio pleno de los derechos de los interesados o el respeto a sus intereses legítimos, disponiendo lo necesario para evitar y eliminar toda anomalía en la tramitación de procedimientos”.

Polo tanto, a tramitación dos expedientes é unha función que o lexislador reserva a funcionarios públicos (no caso dos expedientes de contratación no Concello de Cambre, de acordo coa RPT ao técnico/a de xestión de administración xeral que ten atribuída a función de responsable de contratación), polo que se informa non se axusta á normativa vixente que a sra. Alcaldesa inicie na plataforma de tramitación electrónica trámites nos expedientes.

Neste mesmo sentido a revista “El Consultor de los Ayuntamientos y Juzgados”, 6 de marzo de 2023, LA LEY sinala que “...Por tanto, el concejal, si tiene delegada la competencia, podrá resolver lo que estimen en el expediente, pero no puede entrar a tramitar ni incorporar documentos, pues es una función que el legislador ha reservado a los funcionarios. (.../....).

Por outra banda, o artigo 70 da LCSP establece que:

“El órgano de contratación tomará las medidas adecuadas para garantizar que la participación en la licitación de las empresas que hubieran participado previamente en la elaboración de las especificaciones técnicas o de los documentos preparatorios del contrato o hubieran asesorado al órgano de contratación durante la preparación del procedimiento de contratación, no falsee la competencia “.

Na actualidade, a funcionaria a quen corresponde elaborar os pregos de cláusulas administrativas particulares (técnica de xestión de Administración xeral) atópase de baixa por ILT, polo que debe indicarse que funcionario/a asumiu a dita tarefa no presente expediente, en aras a comprobar o cumprimento do disposto no precepto legal transcrito.

O artigo 67 do RXLCAP establece o contido mínimo dos pregos de cláusulas administrativas particulares, tanto o de carácter xeral para tódolos contratos (parágrafo 2) como o contido concreto dos contratos de servizos (parágrafo 7).

En relación ao PCAP que figura no expediente co CVD: ewTMS4K/ARmVlapDXjVu, e toda vez que os seguintes extremos que foron informados en data 2 de febreiro de 2025 non se modificaron reitéranse as seguintes consideracións feitas no ditto informe:

6.1.- En canto á necesidade da contratación, presuposto e duración do contrato remítese a que subscribe ao sinalado nas consideración segunda e terceira.

6.2.- A cláusula 10.2 do PCAP establece a solvencia económica e financeira e técnica, esixíndose, polo que respecta á primeira que se acreditará mediante o volume anual de negocios no ámbito ao que se refire o contrato referido ao menor exercizo dentro dos tres últimos dispoñibles, en función das datas de constitución ou de inicio de actividades do empresario e de presentación de ofertas, por importe igual ou superior ao valor estimado do contrato (175.192,68 €), ou xustificante da existencia dun seguro de responsabilidade civil por riscos laborais que cubra riscos profesionais por un mínimo anual igual o superior al valor estimado del contrato; e a solvencia técnica cunha relación dos principais servizos ou traballos realizados de igual ou similar natureza no curso, como máximo, dos tres últimos anos, cando o importe anual acumulado no ano de maior execución sexa igual ou superior ao 100 % da anualidade media do contrato (58.397,56 €).

Por outra banda, no cadro de características do contrato se relacionan no epígrafe 17 requisitos de solvencia adicional, esixíndose dispoñer dos seguintes medios persoais mínimos: **Medios persoais:** el adjudicatario deberá adscribir al contrato, a tempo parcial (en total, 30%, 20% y 75% de la jornada respectivamente), como mínimo, el siguiente equipo humano: **un/a técnico/a** con experiencia demostrable de 5 anos en control de calidad, en obra civil, instalaciones urbanas y obras de edificación con una disponibilidad parcial de 538 horas anuales, 30% de la jornada laboral), **un/a técnico/a titulado/a en topografía** con experiencia demostrable de 2 anos en trabajos topográficos de obra civil y edificación con una disponibilidad parcial de 358 horas anuales, 20% de la jornada laboral y **un/a vigilante/a de obra** con una disponibilidad parcial de 1.344 horas anuales, 75% de la jornada laboral. La tarea de vigilancia de las obras podrán realizarse por el/la técnico/a en topografía o delineación. La adjudicataria deberá además designar expresamente a un/a delegado/a para que la represente ante el Ayuntamiento dentro del ámbito del contrato de conformidad con lo establecido en la cláusula 9 del PPT.”

O artigo 74 da LCSP establece que:

“ 1. Para celebrar contratos en el sector público los empresarios deberán acreditar estar en posesión de las condiciones mínimas de solvencia económica y financiera y profesional o técnica que se determinen por el órgano de contratación. Este requisito será sustituido por el de la clasificación, cuando esta sea exigible conforme a lo dispuesto en esta Ley.

2. Los requisitos mínimos de solvencia que deba reunir el empresario, y la documentación requerida para acreditar los mismos se indicarán en el anuncio de licitación y se especificarán en el pliego del contrato, debiendo estar vinculados a su objeto y ser proporcionales al mismo.” CVD: 34cvqkWZuTYKiy2fs7Qp Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

E o artigo 116.4 c) da LCSP do mesmo texto legal dispón que no expediente se xustificarán adecuadamente, entre outros extremos, a solvencia técnica ou profesional, e económica e financeira.

En canto á solvencia adicional, o artigo 79.2 LCSP establece que o órgano de contratación ten a posibilidade de esixir un plus de solvencia aos licitadores, é dicir, que ademais de acreditar a solvencia ou, no seu caso, clasificación, lles poderá esixir que se comprometan a dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais e materiais suficientes para iso, mediante o establecemento da obriga de sinalar os concretos medios persoais.

Este compromiso de adscripción de medios configúrase como unha obriga adicional, de proporcionar uns medios concretos, para a execución do contrato, constituíndo un requisito adicional de solvencia.

Por outra banda, o artigo 87.4 preceptúa que:

“4. La solvencia económica y financiera requerida deberá resultar proporcional al objeto contractual de conformidad con lo establecido en el artículo 74.2, no debiendo en ningún caso suponer un obstáculo a la participación de las pequeñas y medianas empresas.”

Como sinala a Resolución núm. 252/2019, de 5 de marzo de 2019 (Recurso nº 35/2019), «es al organo de contratación a quien corresponde establecer las condiciones mínimas de solvencia que exige para contratar, debiendo ser explicitadas en el anuncio y en los pliegos. La potestad, en principio discrecional, de establecer o determinar los requisitos de solvencia exigidos, se ve sometida a dos elementos reglados: la relación de los mismos con el objeto del contrato y la proporcionalidad (entendida esta última como un elemento de ponderación entre dos intereses públicos enfrentados: la protección o maximización de la concurrencia, como principio básico de la contratación pública, y la garantía de aptitud del contratista para la correcta ejecución de la necesidad pública que se pretende satisfacer mediante la licitación”

Como dispón o artigo 74.2 da LCSP anteriormente transcrito, os requisitos mínimos de solvencia deberán estar vinculados ao obxecto do contrato e ser proporcionais a este. Os requisitos de solvencia non están dirixidos directamente a lograr a maior calidade posible nos traballos que constitúen o servizo, posto que esa función de establecer a calidade das prestacións de forma comparativa corresponde ou está asignada á valoración dos criterios de adxudicación establecidos, mentres que o que ao poder adxudicador interesa desde a perspectiva da

solvencia técnica ou profesional é que o licitador demostre que está en posesión dos medios de calquera clase que sexan necesarios para executar o contrato, xustificando os seus coñecementos, pericia, eficacia ou experiencia.

Como sinala o Tribunal administrativo de contratación pública da Comunidade de Madrid en Resolución 316/2020, de 19 de novembro "...Podemos también nombrar tanto la Sentencia del Tribunal Superior de Justicia de Galicia, invocada por el recurrente, como la Resolución del Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales 68/2018 de 2 de noviembre de 2018 invocada por el Órgano de contratación. En ambas resoluciones, la proporcionalidad de la solvencia y la delimitación de esta coinciden en tres aspectos fundamentales:

- 1.- Estar vinculados a lo que sea objeto de la contratación.*
- 2.- Ser proporcionados a lo que es objeto de la contratación.*
- 3.- No ser discriminatorios, en el sentido de ser tan exigentes que "de facto" solo determinadas empresas puedan cumplir con los mismos, sin que exista justificación suficiente para ello".*

A proporcionalidade ven dada pola relación directa entre o que se esixe como requisitos de solvencia e a complexidade técnica do contrato, así como a súa dimensión económica, de xeito que non resulten discriminatorios polo feito de ser tan esixentes que "de facto" solo determinadas empresas poidan cumprir cos ditos requisitos.

O Tribunal Central de recursos contractuais na Resolución 187/2015, de 18 de novembro, sinalou que "...La condición de que el criterio de solvencia sea proporcional al objeto del contrato es un concepto jurídico indeterminado, por lo que para conocer la admisibilidad del criterio concreto, es preciso examinar en cada caso si los parámetros establecidos en el pliego son objetivamente admisibles por guardar la debida proporcionalidad con el objeto del contrato, sin que en abstracto pueda establecerse un porcentaje o CVD: 34cvqkWZuTYKiy2fs7Qp Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. cuantía que pueda concretar la proporcionalidad. La proporcionalidad viene dada por la relación entre lo que se exige como requisito de solvencia y la complejidad técnica del contrato y su dimensión económica u otras circunstancias semejantes, dado que una exigencia desproporcionada afectaría a la concurrencia empresarial en condiciones de igualdad. El Tribunal de Justicia de las Comunidades Europeas, se bien se refiere a las medidas de exclusion de licitadores por causas basadas en consideraciones objetivas y relacionadas con la aptitud profesional enumeradas en el artículo 24 de la Directiva 93/37, en sus sentencias de 16 de diciembre de 2008 (TJCE/2008/312) Michaniki AE contra Ethniko Symvoulío Radiotileorasis y la Sentencia Caso Assitur contra Carrera di Comercio; Industria, Artigianato, e Agricultura de Milano de 19 de mayo de 2009 (TJCE/2009/146) se refiere al principio de proporcionalidad en la adopción de medidas de exclusión, senalando que en los procedimientos de adjudicación de los contratos públicos constituye un principio general del Derecho comunitario el principio de proporcionalidad y que las medidas que se adopten para garantizar la observancia de los principios de igualdad de trato entre los licitadores y de transparencia no deben exceder de lo necesario para alcanzar los objetivos"

Polo que respecta á esixencia de titulacións profesionais determinadas, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, no seu informe de 8 de maio de 2009, sobre a reclamación presentada ao abeiro do artigo 26 da Lei 20/2013, de 9 de decembro, de garantía da unidade de mercado sobre reserva profesional nas obras (UM/032/19) sinala que a esixencia de requisitos concretos de cualificación profesional debe motivarse na salvagarda dalgunha razón imperiosa de interese xeral de entre as comprendidas no artigo 3.11 da Lei 17/2009, de 23 de novembro, sobre libre acceso ás actividades de servizos e ao seu exercicio e, aínda que nalgún suposto determinado concurría algunha razón imperiosa de interese xeral, debería evitarse establecer unha reserva de actividade a unha titulación ou titulacións concretas, con exclusión de todas as demais, e no seu lugar, optar por vinculala á capacitación técnica do profesional en cuestión.

A solvencia que se requira debe, pois, ser proporcional e, en todo caso, debe xustificarse. Sirva de exemplo a Resolución 122/2020, do 21 de maio, do Tribunal Administrativo de Recursos Contractuais da Junta de Andalucía na que se sinala que: "non hai que esquecer que, aínda que o órgano de contratación ha de procurar a adecuada execución do contrato a través de adxudicatarios solventes, debe coidar que a solvencia establecida non sexa máis da necesaria para alcanzar ese obxectivo, e iso a fin de preservar os principios de libre concorrencia e de igualdade que non deben sufrir diminución sen a oportuna e adecuada xustificación. "

No expediente examinado, a xuízo da que subscribe non se xustifica suficientemente o nivel de solvencia requirida nin tampouco, polo que respecta a solvencia adicional, o numero e experiencia minima requirida do persoal, iso ademais da falta de fixación dun presuposto maximo limitativo, dato determinante a efectos de establecer a solvencia, polo que se infrinxe o disposto no artigo 116.4 c) da LCSP.

6.3.- Na cláusula 12 recóllense os criterios de adxudicación, establecendose os seguintes:

- Prezo ofertado á baixa: Máximo 40 puntos*
- Experiencia do equipo técnico requirido: Máximo 60 puntos*

En relación aos criterios de adxudicación infórmase o seguinte:

O artigo 145 da LCSP establece que a adxudicación dos contratos realizarase utilizando unha pluralidade de criterios de adxudicación en base á mellor calidade-prezo, así como que previa xustificación no expediente, os contratos pódense adxudicar con arranxo a criterios baseados nun planteamento que atenda á mellor relación coste-eficacia sobre a base do prezo ou custo, como o cálculo do custo do ciclo de vida con arranxo ao artigo 148. Engade o parágrafo 2 que os criterios cualitativos que estableza o órgano de contratación para avaliar a mellor calidade-prezo poderán incluír aspectos medioambientais ou sociais, vinculados ao obxecto do contrato na forma establecida no apartado 6 dese artigo, que poderán ser os seguintes:

“1º La calidad, incluido el valor técnico, las características estéticas y funcionales, la accesibilidad, el diseño universal o diseño para todas las personas usuarias, las características sociales, medioambientales e innovadoras, y la comercialización y sus condiciones.

Las características medioambientales podrán referirse, entre otras, a la reducción del nivel de emisión de gases de efecto invernadero; al empleo de medidas de ahorro y eficiencia energética y a la utilización de energía procedentes de fuentes renovables durante la ejecución del contrato; y al mantenimiento o mejora de los recursos naturales que puedan verse afectados por la ejecución del contrato. Las características sociales del contrato se referirán, entre otras, a las siguientes finalidades: al fomento de la integración social de personas con discapacidad, personas desfavorecidas o miembros de grupos vulnerables entre las personas asignadas a la ejecución del contrato y, en general, la inserción sociolaboral de personas con discapacidad o en situación o riesgo de exclusión social; la subcontratación con Centros Especiales de Empleo o Empresas de Inserción; los planes de igualdad de género que se apliquen en la ejecución del contrato y, en general, la igualdad entre mujeres y hombres; el fomento de la contratación femenina; la conciliación de la vida laboral, personal y familiar; la mejora de las condiciones laborales y salariales; la estabilidad en el empleo; la contratación de un mayor número de personas para la ejecución del contrato; la formación y la protección de la salud y la seguridad en el trabajo; la aplicación de criterios éticos y de responsabilidad social a la prestación contractual; o los criterios referidos al suministro o a la utilización de productos basados en un comercio equitativo durante la ejecución del contrato.

2.º La organización, cualificación y experiencia del personal adscrito al contrato que vaya a ejecutar el mismo, siempre y cuando la calidad de dicho personal pueda afectar de manera significativa a su mejor ejecución.

3.º El servicio posventa y la asistencia técnica y condiciones de entrega tales como la fecha en que esta última debe producirse, el proceso de entrega, el plazo de entrega o ejecución y los compromisos relativos a recambios y seguridad del suministro.

Los criterios cualitativos deberán ir acompañados de un criterio relacionado con los costes el cual, a elección del órgano de contratación, podrá ser el precio o un planteamiento basado en la rentabilidad, como el coste del ciclo de vida calculado de conformidad con lo dispuesto en el artículo 148.”

No apartado 5 do precepto legal citado recóllense os requisitos que deben cumprir os criterios de adxudicación, que son os seguintes:

- a) En todo caso estarán vinculados ao obxecto do contrato, no sentido expresado no apartado seguinte deste artigo.
- b) Deberán formularse de xeito obxectivo, con pleno respecto aos principios de igualdade, non discriminación, transparencia e proporcionalidade, e non conferirán ao órgano de contratación unha liberdade de decisión ilimitada.
- c) Deberán garantir a posibilidade de que as ofertas sexan avaliadas en condicións de competencia efectiva e irán acompañados de especificacións que permitan comprobar de maneira efectiva a información facilitada polos licitadores co fin de avaliar a medida en que as ofertas cumpren os criterios de adxudicación. En caso de dúbida, deberá comprobarse de maneira efectiva a exactitude da información e as probas facilitadas polos licitadores.

Considerarase que un criterio de adxudicación está vinculado ao obxecto do contrato cando se refira ou integre as prestacións que deban realizarse en virtude de dito contrato, en calquera dos seus aspectos e en calquera etapa do seu ciclo de vida, incluídos os factores que interveñen nos seguintes procesos (apdo. 6):

a) no proceso específico de produción, prestación ou comercialización de, no seu caso, as obras, as subministracións ou os servizos, con especial referencia a formas de produción, prestación ou comercialización medioambiental e socialmente sustentables e xustas;

b) ou no proceso específico de outra etapa do seu ciclo de vida, incluso cando ditos factores non formen parte da súa sustancia material.

A finalidade dos criterios de adxudicación é determinar qué oferta satisface mellor as necesidades da entidade adjudicadora. A súa función é, polo tanto, avaliar a calidade intrínseca das ofertas, o cal supón -dato de especial relevancia- que deben ter relación directa co obxecto do contrato.

Os criterios que se fixen deben ser concordantes coa finalidade que se persegue co contrato, sen que poidan incorrer en discriminación, respetando os principios comunitarios.

Como lembra a sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea de 19 de setembro de 2013 (Comisión contra reino de España):

«6 El principio de igualdad de trato entre licitadores, que no es más que una expresión específica del principio de igualdad de trato (véase, en este sentido, la sentencia del Tribunal de Justicia de 13 de octubre de 2005, Parking Brixen, C-458/03, Rec. p. I-8585, apartados 46 y 48, y la jurisprudencia allí citada; sentencia del Tribunal General de 12 de marzo de 2008, European Service Network/Comisión, T-332/03, no publicada en la Recopilación, apartado 72) y que pretende favorecer el desarrollo de una competencia sana y efectiva entre las empresas que participan en una licitación, impone que todos los licitadores dispongan de las mismas oportunidades al formular los términos de sus ofertas e implica, por tanto, que éstas estén sometidas a las mismas condiciones para todos los competidores (sentencia del Tribunal de Justicia de 29 de abril de 2004, Comisión/CAS Succhi di Frutta, C496/99 P, Rec. p. I-3801, apartado 110). De este modo, la entidad adjudicadora está obligada a respetar, en cada fase del procedimiento de licitación, el principio de igualdad de trato de los licitadores (sentencia del Tribunal General de 17 de diciembre de 1998, Embassy Limousines & Services/Parlamento, T-203/96, Rec. p. II-4239, apartado 85), y éstos deben encontrarse en igualdad de condiciones tanto en el momento en que preparan sus ofertas como en el momento en que éstas se someten a la evaluación de la entidad adjudicadora (véanse, en este sentido, las sentencias del Tribunal de Justicia de 16 de diciembre de 2008, Michaniki, C213/07, Rec. p. I-9999, apartado 45, y de 17 de febrero de 2011, Comisión/Chipre, C-251/09, no publicada en la Recopilación, apartado 39, y la jurisprudencia allí citada). 67 Por otra parte, el principio de igualdad de trato implica, en particular, una obligación de transparencia para permitir a la entidad adjudicadora garantizar su respeto (véanse las sentencias Lombardini y Mantovani, citada en el apartado 64 supra, apartado 38, y Comisión/Chipre, citada en el apartado 66 supra, apartado 38, y la jurisprudencia allí citada). El principio de transparencia, que constituye el corolario del principio de igualdad de trato, tiene esencialmente por objeto garantizar que no exista riesgo de favoritismo y arbitrariedad por parte de la entidad adjudicadora (sentencias Comisión/CAS Succhi di Frutta, citada en el apartado 66 supra, apartado 111) y controlar la imparcialidad de los procedimientos de adjudicación (véase la sentencia Parking Brixen, citada en el apartado 66 supra, apartado 49, y la jurisprudencia allí citada). Implica que todas las condiciones y modalidades del procedimiento de licitación estén formuladas de forma clara, precisa e inequívoca en el anuncio de licitación o en el pliego de condiciones, con el fin de que, por una parte, todos los licitadores razonablemente informados y normalmente diligentes puedan comprender su alcance exacto e

interpretarlos de la misma forma y, por otra parte, la entidad adjudicadora pueda comprobar que efectivamente las ofertas presentadas por los licitadores responden a los criterios aplicables al contrato de que se trata (sentencia Comisión/CAS Succhi di Frutta, citada en el apartado 66 supra, apartado 111). Por último, los principios de igualdad de trato y de transparencia constituyen la base de las Directivas referentes a los procedimientos de adjudicación de contratos públicos. En el deber que incumbe a las entidades adjudicadoras de garantizar la observancia de dichos principios reside la propia esencia de estas Directivas (véase la sentencia Michaniki, citada en el apartado 66 supra, apartado 45, y la jurisprudencia allí citada)».

En definitiva, os criterios de adxudicación deben ser suficientemente transparentes, tanto na súa finalidade e vinculación co obxecto do contrato, como coa fórmula de puntuación, que debe ser previamente coñecida polos licitadores o que supón que non é suficiente a simple determinación da puntuación a outorgar a un criterio, senón que é necesario que os coeficientes de ponderación e subcriterios relativos aos criterios de adxudicación se establezan de foma clara e indubitada. Do contrario queda en entredito o principio de transparencia en relación co principio de igualdade de trato, debendo xustificar a súa decisión o órgano de contratación sobre a base de criterios obxectivos.

A adxudicación do contrato, polo tanto, debe efectuarse baseándose en criterios obxectivos que garantan o respecto aos principios de transparencia, non discriminación e igualdade de trato, así como a avaliación das ofertas en condicións de concorrencia competitiva. Polo tanto, a fin de garantir a igualdade de trato, os criterios de adxudicación deben permitir comparar as ofertas e avalialas de forma obxectiva.

Isto é, os criterios de adxudicación deben definirse con precisión indicando qué se terá en conta para asignar as puntuacións (en cada un dos subapartados en que se dividan, no seu caso), é dicir qué se terá en conta á hora de proceder a súa avaliación, e especificar os mecanismos e parámetros que determinarán a progresividade das puntuacións a outorgar para limitar posibles excesos de CVD: 34cvqkWZuTYKiy2fs7Qp Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. discrecionalidade, o que ademais poderá servir de orientación aos licitadores á hora de formula-las súas ofertas , e de base obxectiva para outorgar unha puntuación concreta.

En todo caso, deben xustificarse os criterios de adxudicación elixidos por esixilo o artigo 116.4 da LCSP, e en que medida o criterio proposto garante unha mellor relación calidade -prezo na prestación. De non cumprirse estes requerimentos na concreción da función e ponderación dos criterios de adxudicación, incumprese a esixencia dunha debida transparencia, o que imposibilitaría a harmonización dos principios básicos, como son o respecto a competencia exclusiva das entidades contratantes para valorar a proposta dos particulares en relación con fin público e, por outro lado, salvaguardar o dereito dos licitadores a coñecer de antemán os baremos que rexeran a adxudicación do contrato.

A doutrina dos órganos de resolución de recursos contractuais é reiterada en afirmar que debe xustificarse e motivarse no expediente de contratación como os criterios de adxudicación poden influir na calidade do servizo, so pena de nulidade do criterio de adxudicación baseado na experiencia (entre outras, a resolución 2010/2020 do Tribunal Administrativo de Recursos Contractuais da Xunta de Andalucía, de 17 de setembro de 2020 (recurso 92/2020) ou a resolución 395/2020 do TARCJA, de 17 de setembro de 2020 (recurso 164/2020)).

Sentado o anterior, no expediente examinado advírtese que non consta xustificación dos extremos sinalados nos artigos 116,126 e 145 da LCSP. Ademais do anterior, e polo que respecta especificamente ao criterio relativo a experiencia cómpre sinalar o seguinte: O artigo 145.2 de la LCSP contempla como un posible criterio de adxudicación “La organización, cualificación y experiencia del personal adscrito al contrato que vaya a ejecutar el mismo, siempre y cuando la calidad de dicho personal pueda afectar de manera significativa a su mejor ejecución”. Se ben a experiencia do persoal pode ser un criterio de adxudicación , só pode selo nas circunstancias concretas ás que se refire o artigo citado, :“siempre y cuando la calidad de dicho personal pueda afectar de manera significativa a su mejor ejecución”, o que determina que a motivación esixible á elección de calquera criterio de adxudicación (artigo 116.4 c) do citado texto legal) cobre especial relevancia neste caso: primeiro, porque só unha xustificación específica axustada ao suposto concreto permitirá determinar se a calidade do persoal vai a afectar de modo significativo a unha mellora na execución, e segundo, porque o criterio en sí mesmo é restrictivo en maior o u menor medida da concorrencia ao prever unha especial cualificación no persoal encargado da execución do

contrato. Como sinala o Tribunal Administrativo de recursos contractual da Xunta de Andalucía na Resolución 310/2020, de 17 de setembro, "(...) la justificación del criterio en el expediente deviene obligatoria por disposición legal (artículos 116.4 y 145.2 de la LCSP) y resulta de gran importancia habida cuenta de que la libre concurrencia se restringe de modo considerable teniendo en cuenta que el equipo lo conforman 4 personas (Arquitecto, Asesor Jurídico, Arqueólogo y Técnico medioambiental) a quienes se les exige una experiencia mínima de 10 ó 7 años según perfiles en trabajos iguales y no solo similares a los que constituyen el objeto del contrato (véase al respecto el contenido de la cláusula 10 del PPT) No obstante, la justificación del criterio y su afectación significativa a la mejor ejecución del contrato no se contienen en el expediente y tampoco en los pliegos (...)".

É máis, o PCAP esixe como solvencia adicional un nivel de experiencia e cualificación específica ao personal encargado de executar a prestación, o que fai aínda máis necesario que ese plus de experiencia profesional avaliable como criterio de adjudicación (cunha ponderación de 60 puntos sobre 100) atope unha motivación específica axustada ás esixencias do artigo 145 LCSP, pois iso entraña unha restricción obxectiva na selección de ofertas, que debe ir acompañada da motivación legalmente esixible que no suposto examinado non consta.

Ao non constar no expediente os extremos esixidos nos artigos 116 , 126 e 145 polo que respecta aos criterios de adjudicación, infrínxese o disposto nos ditos preceptos legais.

Tendo en conta a regulación desta tipoloxía de contratos exposta, infórmase que examinado o PCAP advírtese que non fixa un presuposto máximo limitativo xa que, se ben se inidica na cláusula 5.1. que “el Ayuntamiento, en función de sus necesidades y dentro del período de vigencia del contrato, podrá encomendar al adjudicatario de este contrato los servicios de coordinación de seguridad y salud de las obras promovidas por el Ayuntamiento hasta el presupuesto máximo aprobado y por el precio ofertado (presupuesto máximo)”, nesta mesma cláusula tamén se indica que o prezo anual do contrato non poderá superar o crédito dispoñible existente no presuposto do Concello para tal finalidade no exercizo correspondente, ou, no seu caso, o importe que se aprobe nos correspondentes expedientes de modificación de créditos. Por outra banda, tampouco se fixa prezo unitario . A oferta do licitador se fixa nunha porcentaxe de baixa sobre o presuposto base de licitación por ano e por dous anos, o que non resulta posible, xa que como sinala o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade de Madrid na Resolución de 2 de marzo de 2023:

“..... en estos supuestos , el tipo de licitación viene determinado por el precio unitario, sin que sea posible licitar por encima del mismo, no siendo admisible considerar como tipo de licitación el presupuesto total del lote.”

Ao non fixarse un presuposto máximo limitativo polos motivos expostos, tampouco se considera axustado á normativa vixente o prazo de duración e prórrogas previsto no PCAP, por canto, neste tipo de contratos, a súa duración debe vir determinada polo presuposto máximo fixado, agotado o cal (e no seu caso, a modificación) se extingue o contrato.

Cuarta.- Procedemento e forma de adxudicación.

O PCAP prevé na cláusula 11 como procedemento de adxudicación o procedemento aberto simplificado.

Como tamén se indicou no informe desta Secretaría de data 5 de febreiro de 2025, toda vez que á vista do exposto anteriormente, non se considera que se estableza un presuposto máximo limitativo, non resulta posible determinar se se cumpren un dos requisitos que esixe o artigo 159 da LCSP para poder utilizar o procedemento aberto simplificado. A fixación dun presuposto máximo limitativo é esencial, ademáis, para o cálculo do valor estimado do contrato, que determina o procedemento de adxudicación.

Cabe mencionar sobre este particular o sinalado pola Xunta consultiva de contratación administrativa da Comunidade Autonoma de Aragon no informe 13/2014, de 13 de maio, no que, entre outras cousas, expponse que:

“El valor estimado es un concepto fundamental que permite al organo de contratación determinar cual es el impacto economico maximo a que puede ascender el contrato, lo cual resulta de especial trascendencia, puesto que el valor estimado determina, entre otras, las reglas de publicidad aplicables, asi como laso de procedimiento de adjudicacion, solvencia y, en su caso, clasificacion, y el regimen de recursos. [...]”

Quinta- Órgano de contratación.

De acordo co que dispón a disposición adicional segunda da LCSP a competencia está atribuída ao Alcalde cando o seu importe non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do presuposto nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos,

sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referida aos recursos ordinarios do presuposto de primeiro establecemento nin a contía sinalada, se ben por resolución da Alcaldía 584/2024, de 7 de maio de 2024 delegáronse na xunta de Goberno Local as atribucións como órgano de contratación respecto dos contratos e concesións que especifica, indicando que quedan reservadas á Alcaldía en materia de contratación a competencia para autorizar e dispoñer os gastos correspondentes aos contratos menores de contía inferior a 6.000 euros, IVE excluído, extremo este que debe ser examinado pola Intervención municipal.

De superarse os límites sinalados, o órgano competente para contratar será o Pleno da Corporación.

Sexta.- Prego de cláusulas administrativas particulares.

Como se indicou nos antecedentes, consta no expediente un prego de cláusulas administrativas particulares incorporado o 17/ 02/2025, que é distinto nalgúns extremos aos informados por esta Secretaría en datas 14/11/2024 e 5/2/2025.

Examinado o historial do expediente na plataforma de tramitación electrónica TEdC, e como se indicou no informe desta Secretaría de 5 de febreiro de 2025 . figura que en data foi 29/10/2024 foi iniciado un trámite dun PCAP polo usuario "joseluis.gonzalez", e que a sra. alcaldesa ("maria.pan") iniciou en data 20 de xaneiro de 2025 os trámites de cláusulas administrativas e Providencia da Alcaldía.

Sobre este particular cómpre informar que de conformidade co disposto no artigo 20 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas "1. los titulares de las unidades administrativas y el personal al servicio de las Administraciones Públicas que tuviesen a su cargo la resolución o el despacho de los asuntos, serán responsables directos de su tramitación y adoptarán las medidas oportunas para remover los obstáculos que impidan, dificulten o retrasen el ejercicio pleno de los derechos de los interesados o el respeto a sus intereses legítimos, disponiendo lo necesario para evitar y eliminar toda anomalía en la tramitación de procedimientos".

Polo tanto, a tramitación dos expedientes é unha función que o lexislador reserva a funcionarios públicos (no caso dos expedientes de contratación no Concello de Cambre, de acordo coa RPT ao técnico/a de xestión de administración xeral que ten atribuída a función de responsable de contratación), polo que se informa non se axusta á normativa vixente que a sra. Alcaldesa inicie na plataforma de tramitación electrónica trámites nos expedientes.

Neste mesmo sentido a revista "El Consultor de los Ayuntamientos y Juzgados", 6 de marzo de 2023, LA LEY sinala que "...Por tanto, el concejal, si tiene delegada la competencia, podrá resolver lo que estimen en el expediente, pero no puede entrar a tramitar ni incorporar documentos, pues es una función que el legislador ha reservado a los funcionarios.(.../...).

Por outra banda, o artigo 70 da LCSP establece que: "El órgano de contratación tomará las medidas adecuadas para garantizar que la participación en la licitación de las empresas que hubieran participado previamente en la elaboración de las especificaciones técnicas o de los documentos preparatorios del contrato o hubieran asesorado al órgano de contratación durante la preparación del procedimiento de contratación, no falsee la competencia " . Na actualidade, a funcionaria a quen corresponde elaborar os pregos de cláusulas administrativas particulares (técnica de xestión de Administración xeral) atópase de baixa por ILT, polo que debe indicarse que funcionario/a asumiu a dita tarefa no presente expediente, en aras a comprobar o cumprimento do disposto no precepto legal transcrito.

O artigo 67 do RXLCAP establece o contido mínimo dos pregos de cláusulas administrativas particulares, tanto o de carácter xeral para tódolos contratos (parágrafo 2) como o contido concreto dos contratos de servizos (parágrafo 7).

En relación ao PCAP que figura no expediente co CVD: SR3nAH4pQ55ZDq1186m, e toda vez que os seguintes extremos que foron informados en data 5 de febreiro de 2025 non se modificaron reitéranse as seguintes consideracións feitas no dito informe:

6.1.- En canto á necesidade da contratación, presuposto e duración do contrato remítese a que subscribe ao sinalado nas consideracións segunda terceira e cuarta.

6.2.- En relación á solvencia económica, financeira e técnica, fanse as seguintes consideracións:

A cláusula 10.2 do PCAP establece a solvencia económica e financeira e técnica, esixíndose, polo que respecta á primeira que se acreditará mediante o volume anual de negocios no ámbito ao que se refire o contrato referido ao menor exercizo dentro dos tres últimos dispoñibles, en función das datas de constitución ou de inicio de actividades do empresario e de presentación de ofertas, por importe igual ou superior ao valor estimado do contrato (50.834,06 €), ou xustificante da existencia dun seguro de responsabilidade civil por riscos laborais que cubra riscos profesionais por un mínimo anual igual o superior al valor estimado del contrato; e a solvencia técnica cunha relación dos principais servizos ou traballos realizados de igual ou similar natureza no curso, como máximo, dos tres últimos anos, cando o importe anual acumulado no ano de maior execución sexa igual ou superior ao 100 % da anualidade media do contrato (16.944,69 €).

Por outra banda, no cadro de características do contrato se relacionan no epígrafe 16 requisitos de solvencia adicional, esixíndose dispoñer dos seguintes medios persoais mínimos” La empresa deberá poner al servicio del contrato los siguientes medios materiales y personales mínimos: **Medios personales:** el adjudicatario deberá adscribir al contrato, a tiempo parcial (en total, 30% y 10% de la jornada respectivamente), como mínimo, el siguiente equipo humano: **dos/as técnicos/as competentes** con disponibilidad parcial (uno con 512 horas, y otro con 171 horas anuales), con experiencia demostrable de al menos 5 años como coordinadores/as...”

O artigo 74 da LCSP establece que:

“ 1. Para celebrar contratos en el sector público los empresarios deberán acreditar estar en posesión de las condiciones mínimas de solvencia económica y financiera y profesional o técnica que se determinen por el órgano de contratación. Este requisito será sustituido por el de la clasificación, cuando esta sea exigible conforme a lo dispuesto en esta Ley.

2. Los requisitos mínimos de solvencia que deba reunir el empresario, y la documentación requerida para acreditar los mismos se indicarán en el anuncio de licitación y se especificarán en el pliego del contrato, debiendo estar vinculados a su objeto y ser proporcionales al mismo.”

E o artigo 116.4 c) da LCSP do mesmo texto legal dispón que no expediente se xustificarán adecuadamente, entre outros extremos, a solvencia técnica ou profesional, e económica e financeira.

En canto á solvencia adicional, o artigo 79.2 LCSP establece que o órgano de contratación ten a posibilidade de esixir un plus de solvencia aos licitadores, é dicir, que ademáis de acreditar a solvencia ou, no seu caso, clasificación, lles poderá esixir que se comprometan a dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais e materiais suficientes para iso, mediante o establecemento da obriga de sinalar os concretos medios persoais.

Este compromiso de adscripción de medios configúrase como unha obriga adicional, de proporcionar uns medios concretos, para a execución do contrato, constituíndo un requisito adicional de solvencia.

Por outra banda, o artigo 87.4 preceptúa que:

“4. La solvencia económica y financiera requerida deberá resultar proporcional al objeto contractual de conformidad con lo establecido en el artículo 74.2, no debiendo en ningún caso suponer un obstáculo a la participación de las pequeñas y medianas empresas.”

Como sinala a Resolución núm. 252/2019, de 5 de marzo de 2019 (Recurso nº 35/2019), «es al órgano de contratación a quien corresponde establecer las condiciones mínimas de solvencia que exige para contratar, debiendo ser explicitadas en el anuncio y en los pliegos. La potestad, en principio discrecional, de establecer o determinar los requisitos de solvencia exigidos, se ve sometida a dos elementos reglados: la relación de los mismos con el objeto del contrato y la proporcionalidad (entendida esta última como un elemento de ponderación

entre dos intereses públicos enfrentados: la protección o maximización de la concurrencia, como principio básico de la contratación pública, y la garantía de aptitud del contratista para la correcta ejecución de la necesidad pública que se pretende satisfacer mediante la licitación”

Como dispón o artigo 74.2 da LCSP anteriormente transcrito, os requisitos mínimos de solvencia deberán estar vinculados ao obxecto do contrato e ser proporcionais a este. Os requisitos de solvencia non están dirixidos directamente a lograr a maior calidade posible nos traballos que constitúen o servizo, posto que esa función de establecer a calidade das prestacións de forma comparativa corresponde ou está asignada á valoración dos criterios de adxudicación establecidos, mentres que o que ao poder adxudicador interesa desde a perspectiva da solvencia técnica ou profesional é que o licitador demostre que está en posesión dos medios de calquera clase que sexan necesarios para executar o contrato, xustificando os seus coñecementos, pericia, eficacia ou experiencia.

Como sinala o Tribunal administrativo de contratación pública da Comunidade de Madrid en Resolución 316/2020, de 19 de novembro “...Podemos también nombrar tanto la Sentencia del Tribunal Superior de Justicia de Galicia, invocada por el recurrente, como la Resolución del Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales 68/2018 de 2 de noviembre de 2018 invocada por el Órgano de contratación. En ambas resoluciones, la proporcionalidad de la solvencia y la delimitación de esta coinciden en tres aspectos fundamentales:

- 1.- Estar vinculados a lo que sea objeto de la contratación.*
- 2.- Ser proporcionados a lo que es objeto de la contratación.*
- 3.- No ser discriminatorios, en el sentido de ser tan exigentes que “de facto” solo determinadas empresas puedan cumplir con los mismos, sin que exista justificación suficiente para ello”.*

A proporcionalidade ven dada pola relación directa entre o que se esixe como requisitos de solvencia e a complexidade técnica do contrato, así como a súa dimensión económica, de xeito que non resulten discriminatorios polo feito de ser tan esixentes que “de facto” solo determinadas empresas poidan cumprir cos ditos requisitos.

O Tribunal Central de recursos contractuais na Resolución 187/2015, de 18 de novembro, sinalou que “...La condición de que el criterio de solvencia sea proporcional al objeto del contrato es un concepto jurídico indeterminado, por lo que para conocer la admisibilidad del criterio concreto, es preciso examinar en cada caso si los parámetros establecidos en el pliego son objetivamente admisibles por guardar la debida proporcionalidad con el objeto del contrato, sin que en abstracto pueda establecerse un porcentaje o cuantía que pueda concretar la proporcionalidad. La proporcionalidad viene dada por la relación entre lo que se exige como requisito de solvencia y la complejidad técnica del contrato y su dimensión económica u otras circunstancias semejantes, dado que una exigencia desproporcionada afectaría a la concurrencia empresarial en condiciones de igualdad.

El Tribunal de Justicia de las Comunidades Europeas, se bien se refiere a las medidas de exclusion de licitadores por causas basadas en consideraciones objetivas y relacionadas con la aptitud profesional enumeradas en el artículo 24 de la Directiva 93/37, en sus sentencias de 16 de decembro de 2008 (TJCE/2008/312) Michaniki AE contra Ethniko Symvoulio Radiotileorasis y la Sentencia Caso Assitur contra Carrera di Comercio; Industria, Artigianato, e Agricultura de Milano de 19 de mayo de 2009 (TJCE/2009/146) se refiere al principio de proporcionalidad en la adopción de medidas de exclusión, senalando que en los procedimientos de adjudicación de los contratos públicos constituye un principio general del Derecho comunitario el principio de proporcionalidad y que las medidas que se adopten para garantizar la observancia de los principios de igualdad de trato entre los licitadores y de transparencia no deben exceder de lo necesario para alcanzar los objetivos”

Polo que respecta á esixencia de titulacións profesionais determinadas, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, no seu informe de 8 de maio de 2009, sobre a reclamación presentada ao abeiro do artigo 26 da Lei 20/2013, de 9 de decembro, de garantía da unidade de mercado sobre reserva profesional nas obras (UM/032/19) sinala que a esixencia de requisitos concretos de cualificación profesional debe motivarse na salvagarda dalgunha razón imperiosa de interese xeral de entre as comprendidas no artigo 3.11 da Lei 17/2009, de 23 de novembro, sobre libre acceso ás actividades de servizos e ao seu exercicio e, aínda que ningún suposto determinado concorría algunha razón imperiosa de interese xeral, debería evitarse establecer unha reserva de actividade a unha titulación ou titulacións concretas, con exclusión de todas as demais, e no seu lugar, optar por vinculala á

capacitación técnica do profesional en cuestión.

A solvencia que se requira debe, pois, ser proporcional e, en todo caso, debe xustificarse. Sirva de exemplo a Resolución 122/2020, do 21 de maio, do Tribunal Administrativo de Recursos Contractuais da Junta de Andalucía na que se sinala que: “non hai que esquecer que, aínda que o órgano de contratación ha de procurar a adecuada execución do contrato a través de adxudicatarios solventes, debe coidar que a solvencia establecida non sexa máis da necesaria para alcanzar ese obxectivo, e iso a fin de preservar os principios de libre concorrência e de igualdade que non deben sufrir diminución sen a oportuna e adecuada xustificación. “

No expediente examinado, a xuízo da que subscribe, non se xustifica suficientemente o umbral de solvencia requirida nin tampouco se xustifica, polo que respecta a solvencia adicional, o número e experiencia mínima requirida do persoal, iso ademais da falta de fixación dun presuposto máximo limitativo, dato determinante a efectos de establecer a solvencia, polo que se infrinxe o disposto no artigo 116.4 c) da LCSP.

6.4.- Na cláusula 12 recóllense os criterios de adxudicación, establecéndose os seguintes:

- Prezo ofertado á baixa: Máximo 40 puntos.
- Experiencia do equipo técnico requirido: Máximo 60 puntos.

En relación aos criterios de adxudicación infórmase o seguinte:

O artigo 145 da LCSP establece que a adxudicación dos contratos realizarase utilizando unha pluralidade de criterios de adxudicación en base á mellor relación calidade-prezo, así como que previa xustificación no expediente, os contratos pódense adxudicar con arranxo a criterios baseados nun planteamento que atenda á mellor relación coste-eficacia sobre a base do prezo ou custo, como o cálculo do custo do ciclo de vida con arranxo ao artigo 148. Engade o parágrafo 2 que os criterios cualitativos que estableza o órgano de contratación para avaliar a mellor relación calidade-prezo poderán incluír aspectos medioambientais ou sociais, vinculados ao obxecto do contrato na forma establecida no apartado 6 dese artigo, que poderán ser os seguintes:

“1º La calidad, incluido el valor técnico, las características estéticas y funcionales, la accesibilidad, el diseño universal o diseño para todas las personas usuarias, las características sociales, medioambientales e innovadoras, y la comercialización y sus condiciones;

Las características medioambientales podrán referirse, entre otras, a la reducción del nivel de emisión de gases de efecto invernadero; al empleo de medidas de ahorro y eficiencia energética y a la utilización de energía procedentes de fuentes renovables durante la ejecución del contrato; y al mantenimiento o mejora de los recursos naturales que puedan verse afectados por la ejecución del contrato.

Las características sociales del contrato se referirán, entre otras, a las siguientes finalidades: al fomento de la integración social de personas con discapacidad, personas desfavorecidas o miembros de grupos vulnerables entre las personas asignadas a la ejecución del contrato y, en general, la inserción sociolaboral de personas con discapacidad o en situación o riesgo de exclusión social; la subcontratación con Centros Especiales de Empleo o Empresas de Inserción; los planes de igualdad de género que se apliquen en la ejecución del contrato y, en general, la igualdad entre mujeres y hombres; el fomento de la contratación femenina; la conciliación de la vida laboral, personal y familiar; la mejora de las condiciones laborales y salariales; la estabilidad en el empleo; la contratación de un mayor número de personas para la ejecución del contrato; la formación y la protección de la salud y la seguridad en el trabajo; la aplicación de criterios éticos y de responsabilidad social a la prestación contractual; o los criterios referidos al suministro o a la utilización de productos basados en un comercio equitativo durante la ejecución del contrato.

2.º La organización, cualificación y experiencia del personal adscrito al contrato que vaya a ejecutar el mismo, siempre y cuando la calidad de dicho personal pueda afectar de manera significativa a su mejor ejecución.

3.º El servicio posventa y la asistencia técnica y condiciones de entrega tales como la fecha en que esta última debe producirse, el proceso de entrega, el plazo de entrega o ejecución y los compromisos relativos a recambios y seguridad del suministro.

Los criterios cualitativos deberán ir acompañados de un criterio relacionado con los costes el cual, a elección del órgano de contratación, podrá ser el precio o un planteamiento basado en la rentabilidad, como el coste del ciclo de vida calculado de conformidad con lo dispuesto en el artículo 148.”

No apartado 5 do precepto legal citado recóllense os requisitos que deben cumprir os criterios de adxudicación, que son os seguintes:

- a) En todo caso estarán vinculados ao obxecto do contrato, no sentido expresado no apartado seguinte deste artigo.
- b) Deberán formularse de xeito obxectivo, con pleno respecto aos principios de igualdade, non discriminación, transparencia e proporcionalidade, e non conferirán ao órgano de contratación unha liberdade de decisión ilimitada.
- c) Deberán garantir a posibilidade de que as ofertas sexan avaliadas en condicións de competencia efectiva e irán acompañados de especificacións que permitan comprobar de maneira efectiva a información facilitada polos licitadores co fin de avaliar a medida en que as ofertas cumpren os criterios de adxudicación. En caso de dúbida, deberá comprobarse de maneira efectiva a exactitude da información e as probas facilitadas polos licitadores.

Considérase que un criterio de adxudicación está vinculado ao obxecto do contrato cando se refira ou integre as prestacións que deban realizarse en virtude de dito contrato, en calquera dos seus aspectos e en calquera etapa do seu ciclo de vida, incluídos os factores que interveñen nos seguintes procesos (apdo. 6):

- a) no proceso específico de produción, prestación ou comercialización de, no seu caso, as obras, as subministracións ou os servizos, con especial referencia a formas de produción, prestación ou comercialización medioambiental e socialmente sustentables e xustas;
- b) ou no proceso específico de outra etapa do seu ciclo de vida, incluso cando ditos factores non formen parte da súa sustancia material.

A finalidade dos criterios de adxudicación é determinar qué oferta satisface mellor as necesidades da entidade adxudicadora. A súa función é, polo tanto, avaliar a calidade intrínseca das ofertas, o cal supón -dato de especial relevancia- que deben ter relación directa co obxecto do contrato.

Os criterios que se fixen deben ser concordantes coa finalidade que se persegue co contrato, sen que poidan incorrer en discriminación, respetando os principios comunitarios.

Como lembra a sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea de 19 de setembro de 2013 (Comisión contra reino de España):

«6 El principio de igualdad de trato entre licitadores, que no es más que una expresión específica del principio de igualdad de trato (véase, en este sentido, la sentencia del Tribunal de Justicia de 13 de octubre de 2005, *Parking Brixen*, C-458/03, Rec. p. I-8585, apartados 46 y 48, y la jurisprudencia allí citada; sentencia del Tribunal General de 12 de marzo de 2008, *European Service Network/Comisión*, T-332/03, no publicada en la Recopilación, apartado 72) y que pretende favorecer el desarrollo de una competencia sana y efectiva entre las empresas que participan en una licitación, impone que todos los licitadores dispongan de las mismas oportunidades al formular los términos de sus ofertas e implica, por tanto, que éstas estén sometidas a las mismas condiciones para todos los competidores (sentencia del Tribunal de Justicia de 29 de abril de 2004, *Comisión/CAS Succhi di Frutta*, C- 496/99 P, Rec. p. I-3801, apartado 110). De este modo, la entidad adjudicadora está obligada a respetar, en cada fase del procedimiento de licitación, el principio de igualdad de trato de los licitadores (sentencia del Tribunal General de 17 de diciembre de 1998, *Embassy Limousines & Services/Parlamento*, T-203/96, Rec. p. II-4239, apartado 85), y éstos deben encontrarse en igualdad de condiciones tanto en el momento en que preparan sus ofertas como en el momento en que éstas se someten a la evaluación de la entidad adjudicadora (véanse, en este sentido, las sentencias del Tribunal de Justicia de 16 de diciembre de 2008, *Michaniki*, C- 213/07, Rec. p. I-9999, apartado 45, y de 17 de febrero de 2011, *Comisión/Chipre*, C-251/09, no publicada en la Recopilación, apartado 39, y la jurisprudencia allí citada). 67 Por otra parte, el principio de igualdad de trato implica, en particular, una obligación de transparencia para permitir a la entidad adjudicadora garantizar su respeto (véanse las sentencias *Lombardini* y *Mantovani*, citada en el apartado 64 supra, apartado 38, y *Comisión/Chipre*, citada en el apartado 66 supra, apartado 38, y la jurisprudencia allí citada). El principio de transparencia, que constituye el corolario del principio de igualdad de trato, tiene esencialmente por objeto garantizar que no exista riesgo de favoritismo y arbitrariedad por parte de la entidad adjudicadora (sentencias *Comisión/CAS Succhi di Frutta*, citada en el apartado 66 supra, apartado 111) y controlar la imparcialidad de los procedimientos de adjudicación (véase la sentencia *Parking Brixen*, citada en el apartado 66 supra, apartado 49, y la jurisprudencia allí citada). Implica que todas las

condiciones y modalidades del procedimiento de licitación estén formuladas de forma clara, precisa e inequívoca en el anuncio de licitación o en el pliego de condiciones, con el fin de que, por una parte, todos los licitadores razonablemente informados y normalmente diligentes puedan comprender su alcance exacto e interpretarlos de la misma forma y, por otra parte, la entidad adjudicadora pueda comprobar que efectivamente las ofertas presentadas por los licitadores responden a los criterios aplicables al contrato de que se trata (sentencia Comisión/CAS Succhi di Frutta, citada en el apartado 66 supra, apartado 111). Por último, los principios de igualdad de trato y de transparencia constituyen la base de las Directivas referentes a los procedimientos de adjudicación de contratos públicos. En el deber que incumbe a las entidades adjudicadoras de garantizar la observancia de dichos principios reside la propia esencia de estas Directivas (véase la sentencia Michaniki, citada en el apartado 66 supra, apartado 45, y la jurisprudencia allí citada)».

En definitiva, os criterios de adxudicación deben ser suficientemente transparentes, tanto na súa finalidade e vinculación co obxecto do contrato, como coa fórmula de puntuación, que debe ser previamente coñecida polos licitadores, o que supón que non é suficiente a simple determinación da puntuación a outorgar a un criterio, senón que é necesario que os coeficientes de ponderación e subcriterios relativos aos criterios de adxudicación se establezan de foma clara e indubitada. Do contrario queda en entredito o principio de transparencia en relación co principio de igualdade de trato, debendo xustificar a súa decisión o órgano de contratación sobre a base de criterios obxectivos.

A adxudicación do contrato, polo tanto, debe efectuarse baseándose en criterios obxectivos que garantan o respecto aos principios de transparencia, non discriminación e igualdade de trato, así como a avaliación das ofertas en condicións de concorrència competitiva. Polo tanto, a fin de garantir a igualdade de trato, os criterios de adxudicación deben permitir comparar as ofertas e avalialas de forma obxectiva.

Isto é, os criterios de adxudicación deben definirse con precisión indicando qué se terá en conta para asignar as puntuacións (en cada un dos subapartados en que se dividan, no seu caso), é dicir qué se terá en conta á hora de proceder a súa avaliación, e especificar os mecanismos e parámetros que determinarán a progresividade das puntuacións a outorgar para limitar posibles excesos de discrecionalidade, o que ademais poderá servir de orientación aos licitadores á hora de formula-las súas ofertas, e de base obxectiva para outorgar unha puntuación concreta.

En todo caso, deben xustificarse os criterios de adxudicación elixidos por esixilo o artigo 116.4 da LCSP, e en qué medida o criterio proposto garante unha mellor relación calidade -prezo na prestación. De non cumprirse estes requerimentos na concreción da función e ponderación dos criterios de adxudicación, incúmrese a esixencia dunha debida transparencia, o que imposibilitaría a harmonización dos principios básicos, como son o respecto á competencia exclusiva das entidades contratantes para valorar a proposta dos particulares en relación co fin público e, por outro lado, salvagardar o dereito dos licitadores a coñecer de antemán os baremos que rexerán a adxudicación do contrato.

A doutrina dos órganos de resolución de recursos contractuais é reiterada en afirmar que debe xustificarse e motivarse no expediente de contratación como os criterios de adxudicación poden influir na calidade do servizo, so pena de nulidade do criterio de adxudicación baseado na experiencia (entre outras, a resolución 2010/2020 do Tribunal Administrativo de Recursos Contractuais da Xunta de Andalucía, de 17 de setembro de 2020 (recurso 92/2020) ou a resolución 395/2020 do TARCJA, de 17 de setembro de 2020 (recurso 164/2020)).

Sentado o anterior, no expediente examinado advírtese que non consta xustificación dos extremos sinalados nos artigos 116,126 e 145 da LCSP.

Ademáis do anterior, e polo que respecta ao criterio relativo á experiencia cómpre sinalar o seguinte:

Se ben a experiencia do persoal pode ser un criterio de adxudicación, só pode selo nas circunstancias concretas ás que se refire o artigo citado, :“siempre y cuando la calidad de dicho personal pueda afectar de manera significativa a su mejor ejecución”, o que determina que a motivación esixible a elección de cualquera criterio de adxudicación (artigo 116.4 c) do citado texto legal) cobre especial relevancia neste caso: primeiro, porque só unha

xustificación específica axustada ao suposto concreto permitirá determinar se a calidade do persoal vai a afectar de modo significativo a unha mellora na execución, e segundo, porque o criterio en sí mesmo é restrictivo en maior o u menor medida da concorrencia ao prever unha especial cualificación no persoal encargado da execución do contrato. Como sinala o Tribunal Administrativo de recursos contractuais da Xunta de Andalucía na Resolución 310/2020, de 17 de setembro, "(...) la justificación del criterio en el expediente deviene obligatoria por disposición legal (artículos 116.4 y 145.2 de la LCSP) y resulta de gran importancia habida cuenta de que la libre concurrencia se restringe de modo considerable teniendo en cuenta que el equipo lo conforman 4 personas (Arquitecto, Asesor Jurídico, Arqueólogo y Técnico medioambiental) a quienes se les exige una experiencia mínima de 10 o 7 años según perfiles en trabajos iguales y no solo similares a los que constituyen el objeto del contrato (véase al respecto el contenido de la cláusula 10 del PPT).

No obstante, la justificación del criterio y su afectación significativa a la mejor ejecución del contrato no se contienen en el expediente y tampoco en los pliegos (...)"

É mais, o PCAP esixe, como se indicou, como solvencia adicional un nivel de experiencia e cualificación específica ao personal encargado de executar a prestación, o que fai aínda máis necesario que ese plus de experiencia profesional avaliable como criterio de adxudicación (cunha ponderación de 60 puntos sobre 100) atope unha motivación específica axustada ás esixencias do artigo 145 LCSP, pois iso entraña unha restricción obxectiva na selección de ofertas, que debe ir acompañada da motivación legalmente esixible que no suposto examinado non consta.

Aor non constar no expediente os extremos esixidos nos artigos 116, 126 e 145 polo que respecta aos criterios de adxudicación, infrínxese o disposto nos ditos preceptos legais.

No caso de que sexa outro o criterio do órgano de contratación, informase que non se considera correcto que a experiencia a valorar se acredite mediante informe de vida laboral (como establece a cláusula 12), xa que no dito informe de vida laboral non consta a categoría profesional. Por outra banda, tal e como se atopa redactado, a xuízo da que subscribe con este criterio non se obtén unha mellor relación calidade prezo pois se valora distinta a experiencia nunha mesma categoría en función da dedicación requirida, e se outorga a mesma puntuación a quen teña unha experiencia de 10 anos que a quen teña unha experiencia de, por exemplo, 11, 12, 13, 15, 20 ou máis anos.

Compre sinalar, sobre o particular, que os principios de control do gasto e de eficiencia ou economía na xestión dos recursos públicos recoñecidos no artigo 1 da LCSP aplicados de modo concreto aos contratos do sector público impiden limitar a obtención da oferta máis vantaxosa se é posible, polo que os criterios de adxudicación que se configuren de xeito que non permitan obter a mellor relación calidade -prezo non son conformes a normativa de aplicación.

6.5.- Respecto dos parámetros para calcular aquelas ofertas nas que se poida presumir que a relación existente entre a calidade proposta e o prezo é desproporcionada soamente se ten en conta o prezo (cláusula 16.3 do PCAP).

O artigo 149.2.b) da LCSP respecto de que a oferta deberá ser considerada no seu conxunto a efectos de determinar os parámetros para identificar os casos nos que unha oferta se considere anormal dispon o seguinte:

"Cuando se utilicen una pluralidad de criterios de adjudicación, se estará a lo establecido en los pliegos que rigen el contrato, en los cuales se han de establecer los parámetros objetivos que deberán permitir identificar los casos en que una oferta se considere anormal, referidos a la oferta considerada en su conjunto".

A LCSP explicita o criterio da mellor calidade-prezo como elemento que determina cal é a mellor oferta, fomentando unha maior orientación cara a calidade na contratación pública. Con esta finalidade, o artigo 145 da LCSP establece a regra xeral segundo a cal: "La adjudicación de los contratos se realizará utilizando una pluralidad de criterios de adjudicación, en base a la mejor relación calidad-precio", precisando no seu apartado 2 que "La mejor relación calidad-precio se evaluará con arreglo a criterios económicos y cuantitativos", e detallando a continuación os requisitos dos criterios cualitativos e o contido dos mesmos.

Baixo estas premisas é claro que nos procedementos nos que se utilice máis dun criterio de adxudicación e se tomen en consideración criterios cualitativos como os enumerados no artigo 145.2 da LCSP, a finalidade dos parámetros obxectivos a incluír nos pregos será identificar aquelas ofertas das que se poida presumir que a relación existente entre a calidade proposta e o prazo ou os custos da prestación é desproporcionada e converte en inviable a execución do contrato. Desde esta perspectiva, parece razoable pensar que os criterios a incluír nos pregos poidan introducir tanto elementos valorativos da calidade ofrecida (debidamente xustificadas) como o prezo ofertado ou unha combinación de ambos os dous, de forma que, por exemplo, a maior calidade do parámetro obxectivo para presumir a temeridade da oferta dende o punto de vista económico sexa maior.

De acordo, pois, co sinalado no artigo 149.2, a viabilidade da oferta, no caso de diferentes criterios de adxudicación, debe referirse a varios deles, os máis relevantes e que permitan ter unha visión obxectiva e completa do problema da viabilidade do cumprimento do contrato, agás algun suposto moi concreto e debidamente xustificado.

No expediente examinado non se xustifica suficientemente que non se inclúa o criterio relativo á experiencia do persoal no cálculo da oferta anormalmente baixa, o que incumpre o disposto no artigo 149.2 da LCSP

6.6.- Na cláusula 20 (e epígrafe 34 do cadro de características do contrato) fíxase a condición especial de execución..

Sobre as condicións de execución dun contrato, o Considerando 104 da Directiva 2014/24/UE dispón: “El propósito de las condiciones de ejecución de un contrato es establecer requisitos específicos en relación con dicha ejecución. De modo diferente a como ocurre con los criterios para la adjudicación de contratos, que constituyen la base para hacer una evaluación comparativa de la calidad de las ofertas, las condiciones de ejecución de un contrato constituyen requisitos objetivos fijos que no inciden en la evaluación de las ofertas.

Las condiciones de ejecución de un contrato deben ser compatibles con la presente Directiva siempre que no sean directa o indirectamente discriminatorias y estén vinculadas al objeto del contrato, que comprende todos los factores que intervienen en el proceso específico de producción, prestación o comercialización. Lo anterior incluye las condiciones relativas al proceso de ejecución del contrato, pero excluye los requisitos relativos a la política general de la empresa. Las condiciones de ejecución de un contrato deben figurar en el anuncio de licitación, el anuncio de información previa que se utilice como medio de convocatoria de licitación o la documentación de la contratación.”

Na nosa normativa de aplicación, acadimos, en primeiro lugar, ao artigo 1.3 de la LCSP, o cal dispón que “En toda contratación pública se incorporarán de manera transversal y preceptiva criterios sociales y medioambientales siempre que guarde relación con el objeto del contrato, en la convicción de que su inclusión proporciona una mejor relación calidad-precio en la prestación contractual, así como una mayor y mejor eficiencia en la utilización de los fondos públicos. Igualmente se facilitará el acceso a la contratación pública de las pequeñas y medianas empresas, así como de las empresas de economía social”

Incorporación que conforme ao recollido no artigo 116.4 da LCSP, apartado c) debe xustificarse adecuadamente no expediente de contratación: “Los criterios de solvencia técnica o profesional, y económica y financiera, y los criterios que se tendrán en consideración para adjudicar el contrato, así como las condiciones especiales de ejecución del mismo.”

Pola súa parte, o artigo 202 LCPS establece:

“1. Los órganos de contratación podrán establecer condiciones especiales en relación con la ejecución del contrato, siempre que estén vinculadas al objeto del contrato, en el sentido del artículo 145, no sean directa o indirectamente discriminatorias, sean compatibles con el derecho comunitario y se indiquen en el anuncio de licitación y en los pliegos. En todo caso, será obligatorio el establecimiento en el pliego de cláusulas administrativas particulares de al menos una de las condiciones especiales de ejecución de entre las que enumera el apartado siguiente.

2. Estas condiciones de ejecución podrán referirse, en especial, a consideraciones económicas, relacionadas con la innovación, de tipo medioambiental o de tipo social. En particular, se podrán establecer, entre otras, consideraciones de tipo medioambiental que persigan: la reducción de las emisiones de gases de efecto

invernadero, contribuyéndose así a dar cumplimiento al objetivo que establece el artículo 88 de la Ley 2/2011, de 4 de marzo, de Economía Sostenible; el mantenimiento o mejora de los valores medioambientales que puedan verse afectados por la ejecución del contrato; una gestión más sostenible del agua; el fomento del uso de las energías renovables; la promoción del reciclado de productos y el uso de envases reutilizables; o el impulso de la entrega de productos a granel y la producción ecológica. Las consideraciones de tipo social o relativas al empleo, podrán introducirse, entre otras, con alguna de las siguientes finalidades: hacer efectivos los derechos reconocidos en la Convención de las Naciones Unidas sobre los derechos de las personas con discapacidad; contratar un número de personas con discapacidad superior al que exige la legislación nacional; promover el empleo de personas con especiales dificultades de inserción en el mercado laboral, en particular de las personas con discapacidad o en situación o riesgo de exclusión social a través de Empresas de Inserción; eliminar las desigualdades entre el hombre y la mujer en dicho mercado, favoreciendo la aplicación de medidas que fomenten la igualdad entre mujeres y hombres en el trabajo; favorecer la mayor participación de la mujer en el mercado laboral y la conciliación del trabajo y la vida familiar; combatir el paro, en particular el juvenil, el que afecta a las mujeres y el de larga duración; favorecer la formación en el lugar de trabajo; garantizar la seguridad y la protección de la salud en el lugar de trabajo y el cumplimiento de los convenios colectivos sectoriales y territoriales aplicables; medidas para prevenir la siniestralidad laboral; otras finalidades que se establezcan con referencia a la estrategia coordinada para el empleo, definida en el artículo 145 del Tratado de Funcionamiento de la Unión Europea; o garantizar el respeto a los derechos laborales básicos a lo largo de la cadena de producción mediante la exigencia del cumplimiento de las Convenciones fundamentales de la Organización Internacional del Trabajo, incluidas aquellas consideraciones que busquen favorecer a los pequeños productores de países en desarrollo, con los que se mantienen relaciones comerciales que les son favorables tales como el pago de un precio mínimo y una prima a los productores o una mayor transparencia y trazabilidad de toda la cadena comercial.

3. Los pliegos podrán establecer penalidades, conforme a lo previsto en el apartado 1 del artículo 192, para el caso de incumplimiento de estas condiciones especiales de ejecución, o atribuirles el carácter de obligaciones contractuales esenciales a los efectos señalados en la letra f) del artículo 211.

Cuando el incumplimiento de estas condiciones no se tipifique como causa de resolución del contrato, el mismo podrá ser considerado en los pliegos, en los términos que se establezcan reglamentariamente, como infracción grave a los efectos establecidos en la letra c) del apartado 2 del artículo 71.

4. Todas las condiciones especiales de ejecución que formen parte del contrato serán exigidas igualmente a todos los subcontratistas que participen de la ejecución del mismo.”

E é que como se pode observar, o artigo 202 de la LCSP esixe que as condicións especiais de execución estean vinculadas ao obxecto do contrato, no senso do artigo 145. É necesario, pois, que as condicións especiais de execución estean claramente vinculadas co obxecto do contrato, concorrendo esta vinculación cuando se refira ou integre na prestación contratada, en calquera dos seus aspectos e en calquera etapa do seu ciclo de vida. Non basta con que fagan referencia xenéricamente a todos os procesos productivos da empresa, é dicir, a unha característica da propia empresa, debendo ser unha característica da prestación en sí mesma.

Tendo en conta o disposto nos considerandos da Directiva 2014/24, en particular, no Considerando 104 e na “Guía para considerar los aspectos sociales en las contrataciones públicas” elaborada pola Comisión Europea, onde se especifica que o requisito da vinculación ao obxecto do contrato se cumpre nas condicións especiais de execución cando estas se efectúan ou realizan no cumprimento das prestación obxecto do contrato.

No suposto examinado, non consta xustificadamente que as condicións de execución do contrato cumpren os requisitos anteriormente citados, especificamente, a relación co obxecto do contrato(pois non basta con afirmalo), o que supón un incumprimento do disposto no artigo 116.4 LCSP.

Ademais do anterior, cómpre sinalar que O Tribunal Administrativo Central de recursos contractuais na Resolución 1367/2021, de 14 de outubro analiza se a condición especial de execución imposta polo órgano de contratación consistente en que se cumpra polo contratista o disposto no convenio colectivo de aplicación en canto ás retribucións e custos salariais se axusta ou non a dereito. Na dita resolución se rexeita que a “reserva salarial” poida configurarse como condición especial de execución, xa que:

“La inclusión de una reserva salarial, que no es otra pretensión en este contrato que el respeto a los salarios mínimos fijados en el convenio colectivo de aplicación, según lo manifestado por el órgano de contratación, no puede considerarse como condición especial de ejecución, ya que el conjunto de obligaciones legales establecidas por la legislación sectorial medioambiental, laboral o social de preceptiva observancia, ha de afirmarse, en primer

lugar, que no son condiciones especiales de ejecución porque, a diferencia de éstas, son obligaciones legales, lo que significa que se aplica y exigen per se, por imperativo legal, y están ya establecidas, por lo que no hay que establecerlas en lugar ni momento alguno”.

De acordo con este criterio do Tribunal, a condición especial de ejecución contida no prego examinado, que se refire a obrigas legais establecidas pola lexislación laboral non pode considerarse como tal.

Por outra banda, debería especificarse no prego a documentación a presentar na fase de ejecución polo contratista acreditativa do cumprimento da condición especial de ejecución que se fixe.

Sétima.- Expediente de contratación.

O artigo 116 da LCSP establece que:

“1. La celebración de contratos por parte de las Administraciones Públicas requerirá la previa tramitación del correspondiente expediente, que se iniciará por el órgano de contratación motivando la necesidad del contrato en los términos previsto en el artículo 28 de esta Ley y que deberá ser publicado en el perfil del contratante.

2. El expediente deberá referirse a la totalidad del objeto del contrato, sin perjuicio de lo previsto en el apartado 7 del artículo 99 para los contratos adjudicados con lotes.

3. Al expediente se incorporarán el pliego de cláusulas administrativas particulares y el de prescripciones técnicas que hayan de regir el contrato.

En el caso de que el procedimiento elegido para adjudicar el contrato sea el de diálogo competitivo regulado en la subsección 5ª, de la Sección 2ª, del Capítulo I, del Título I, del Libro II, los pliegos de cláusulas administrativas y de prescripciones técnicas serán sustituidos por el documento descriptivo a que hace referencia el apartado 1 del artículo 174. En el caso de procedimientos para adjudicar los contratos basados en acuerdos marco invitando a una nueva licitación a las empresas parte del mismo, regulados en el artículo 221.4, los pliegos de cláusulas administrativas particulares y de prescripciones técnicas serán sustituidos por el documento de licitación a que hace referencia el artículo 221.5 último párrafo.

Asimismo, deberá incorporarse el certificado de existencia de crédito o, en el caso de entidades del sector público estatal con presupuesto estimativo, documento equivalente que acredite la existencia de financiación, y la fiscalización previa de la intervención, en su caso, en los términos previstos en la Ley 47/2003, de 26 de noviembre, General Presupuestaria.

4. En el expediente se justificará adecuadamente:

a) La elección del procedimiento de licitación.

b) La clasificación que se exija a los participantes.

c) Los criterios de solvencia técnica y profesional, y económica y financiera, y los criterios que se tendrán en consideración para adjudicar el contrato, así como las condiciones especiales de ejecución del mismo.

d) El valor estimado del contrato con una indicación de todos los conceptos que lo integran, incluyendo siempre los costes laborales si existiesen.

e) La necesidad de la Administración a la que se pretende dar satisfacción mediante la contratación de las prestaciones correspondientes, y su relación con el objeto del contrato, que deberá ser directa, clara y proporcional.

f) En el contrato de servicios, el informe de insuficiencia de medios.

